



CONCELLO DE ORDES

Rúa Alfonso Senra, 108 - C.P. 15680
Teléfono: 981680002 – Fax: 981682221
WWW.ORDES.GAL

CERTIFICACIÓN

**JUAN LUIS GONZÁLEZ IGLESIAS, SECRETARIO XERAL
DO CONCELLO DE ORDES - A Coruña**

CERTIFICO: Que pola Xunta de Goberno Local en sesión ordinaria, de data 4 de agosto de 2023, adoptouse, entre outros, o seguinte acordo:

6.CONCESIÓN DE AXUDAS A TRAVÉS DE INCENTIVOS Á CONTRATACIÓN TEMPORAL POR CONTA ALLEA DO ALUMNADO DO OBRADOIRO DE EMPREGO BRAÑAS DO ILLÓ-RÍO SAMO V.

Expediente de convocatoria de axudas a través de incentivos á contratación temporal por conta allea do alumnado do obradoiro de emprego Brañas do Illó-Río Samo V (**Expdte. 2023/A008/000038**).

Visto que o Concello debe promocionar a empregabilidade e ocupabilidade das persoas participantes no obradoiro de emprego Brañas do Illó-Río Samo V, a través de incentivos á contratación por conta allea durante un mínimo 3 meses a xornada completa en empresas para ocupacións do ámbito das materias impartidas neste obradoiro de emprego.

Visto o disposto na Base 38ª de execución do orzamento municipal 2023.

Visto o disposto na Lei 38/2003, de 17 de novembro.

Tras unha pequena deliberación, a Xunta de Goberno Local, en uso das atribucións delegadas polo Sr. Alcalde mediante Decreto de data 19 de xuño de 2023, por maioría de seis votos a favor, sendo seis o número legal de membros da mesma, adoptou o seguinte acordo:

1º.- Aprobar o gasto con cargo á partida **241.470.00** do orzamento municipal para 2023, por importe de **EUROS QUINCE MIL (15.000,00)**.

2º.- Aprobar a convocatoria de axudas a través de incentivos á contratación temporal por conta allea do alumnado do obradoiro de emprego Brañas do Illó-Río Samo V.

E para que conste e xurda os efectos oportunos, expido a presente certificación, de Orde e co Visto e Prace do Sr. Alcalde-Presidente, en Ordes, na data da sinatura electrónica.

Vº Pº

O ALCALDE-PRESIDENTE
José Luis Martínez Sanjurjo
(Asinado dixitalmente)

O SECRETARIO
Juan Luis González Iglesias